

CIG-SAÚDEinforma

A Mesa Sectorial do día 2 de Agosto de 2017 foi unha nova tomada de pelo do SERGAS traballadoras/es da sanidade pública.

Os días 5, 12, 19 e 26 de Xullo as organizacións sindicais con representación na mesa sectorial: CIG-SAÚDE, CSIF, SATSE e UGT, presentamos, mediante rexistro de entrada, solicitudes para que o SERGAS convoque **Mesa Sectorial extraordinaria.**

O obxectivo da mesma era **iniciar a negociación dun calendario de recuperación dos nosos acordos retributivo 2008/2012, carreira profesional, acordos de atención primaria...**

E isto foi o que nos dixo o SERGAS:

- Recoñecen que cobramos un complemento específico nunha contía que está por debaixo do que cobra o resto de traballadoras/es públicos.
- Mais non nolo poden equiparar, pois segundo os seus argumentos os nosos niveis son superiores deles.

É verdade que son superiores en número, pero non en cartos (diñeiro). Se as/os traballadoras/es do SERGAS cobrásemos a contía do Complemento Específico do nivel 10, o nivel mínimo na Administración autonómica, sería superior a contía de específico que cobramos hoxe.

Imos demostrar as súas mentiras:

Niveis de Complemento Específico Administración Autonómica.		
Grupo A	Nivel mínimo 20	Nivel máximo 30
Grupo A 2	Nivel mínimo 16	Nivel máximo 28
Grupo C 1	Nivel mínimo 14	Nivel máximo 25
Grupo C 2	Nivel mínimo 12	Nivel máximo 20
Grupo E	Nivel mínimo 10	Nivel máximo 14

Comparemos a nosa retribución de complemento específico co nivel mínimo da Administración Autonómica, son uns exemplos:

Nivel Administración Autonómica. Sen titulación Específica			Nivel SERGAS. Específico + produtividade Fixa		
	Nivel	Retribución		Nivel	Retribución
Grupo A 2	16	455.85 €	Enfermeira	24	396.62 €
Grupo C1	14	435.40	Técnico Superior	18	276.55 €
Grupo C 2	12	418.07 €	TCAE	16	281.63 €
Grupo E	10	390.63 €	Celador/a	13	332.57 €

Aínda que ao persoal do SERGAS lle pagasen a contía do nivel mínimo da Administración Autonómica, non habería diferencias salariais. Non recoñecen a diferenza na prestación do traballo.

Medicinas/os SERGAS	Nivel 24	Titulación licenciada/o Medicina + Especialidade MIR
Administrativas/os Xunta	Nivel 25	Titulación Bacharelato.

Descarga de prensa en Añet